



Lugo, unha cidade de conto

campusculturae.usc.es

[facebook/campusculturae](https://www.facebook.com/campusculturae) - [@campUSCulturae](https://www.instagram.com/campUSCulturae)





Coordinación: Xosé A. Neira Cruz

Deseño e produción: Eduardo Cruz Aguiar e Henrique Ferro Cruz

Asistencia técnica: Ana Carreira

Difusión: Irene García García

Colabora:

 **Concello de Lugo**

Había unha vez...

LUGO, UNHA CIDADE DE CONTO

19 e 20 de xullo de 2013

Había unha vez... unha cidade de conto. Durante uns días, os seus nenos e nenas, tamén moitos adultos, decidiron cambiarlles os nomes ás prazas e rúas para convertelas en espazos para a fantasía.

Pero isto, aínda que o pareza, non é un conto. É a actividade arredor dos contos e das culturas do mundo que campUSCulturae, o proxecto da Universidade de Santiago de Compostela cofinanciado pola Culture Agency da Unión Europea, vai celebrar dentro da muralla os días 19 e 20 de xullo.

Ven contarnos un conto!! Ou ven cantalo!! Ou simplemente achégate a escoitar.

Esperámoste en Lugo, unha cidade de conto.

venres, 19 de xullo

Auditorio da Casa do Saber

Praza de Pío XII

19:00 horas:

Presentación de LUGO, UNHA CIDADE DE CONTO

Participan:

- **Carmen Basadre**, concelleira de Cultura do Concello de Lugo
- **Pedro García Herradón**, vicerreitor de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo, Universidade de Santiago de Compostela
- **Xosé A. Neira Cruz**, coordinador do proxecto campUSCulturae

19:30 horas

Representación da obra de teatro A rebelión do monicreque, a cargo da compañía Matapiollos (entrada libre até completar o aforo)

sábado, 20 de xullo

Praza Maior

Praza Anxo Fernández Gómez

Quiosco da Música

serán... *a Praza de Aladino*

a Praza de Carapuchiña Vermella

a Praza de Alicia no País das Marabillas

11:00-13:00 horas: *Obradoiros para contar*

- *Contamos co corpo*, a cargo de **Melania Cruz**.
Obradoiro de expresión corporal e creación
- *Contamos con palabras*, a cargo de **Ana Carreira**.
Obradoiro de narración oral e teatro
- *Contamos con debuxos*, a cargo de **Sara Pérez**.
Obradoiro de ilustración
- *Contamos con obxectos*, a cargo de **Marga Portomeñe**. Obradoiro de reciclaxe e creación

13:00-13:30 horas: ***Contando contos co corpo, coas palabras, con debuxos e con obxectos***. Presentación das conclusións dos obradoiros a cargo dos monitores e participantes.

13:30-15:00 horas: *Comer e contar..., todo é empezar.*

Circuíto de tapas de distintas gastronomías e culturas presentadas polos hostaleiros de Lugo nos seus respectivos locais.

18:00-20:00 horas: *Contamos contigo!!*

Actuacións e actividades de dinamización abertas á participación activa de quen queira contar ou cantar, da maneira que máis lle apeteza facelo.

... e moitas máis sorpresas que poderán xurdir, en calquera momento, en calquera lugar dos indicados, como quen conta un conto.

A participación en todas as actividades previstas é libre, gratuíta e está aberta a tod@s, nen@s e adult@s que queiran vivir **Lugo, unha cidade de conto**

Contamos convosco!!!!


Contamos convosco!!!!

Contamos convosco!!!!

Contamos convosco!!!!

Contamos convosco!!!!

Contamos convosco!!!!





This project has been funded with support from the European Commission. This publication reflects the views only of the author, and the Commission cannot be held responsible for any use which may be made of the information contained therein.

campUSCulturae é o proxecto de constitución dun espazo internacional dedicado ás minorías culturais do mundo. Apoiar estratexias a favor de linguas minoritarias e abrir vías de integración para as minorías en risco de exclusión son os obxectivos fundamentais desta iniciativa, que usa a literatura infantil e xuvenil como fío condutor e principal ferramenta.

Con vocación eminentemente europea, constituíuse en maio de 2011 e desde entón toma forma e expándese desde unha base de operacións instalada no seo da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Conta cun **equipo de socios europeos**, coorganizadores da iniciativa, que alimentan a idea fundamental de diversidade e encontro que está na base do proxecto. Trátase dun grupo de cinco institucións, unhas públicas e outras privadas, de dimensións diversas, pero todas elas relacionadas de maneira estreita cos eixos do proxecto. Son: a **Minority Studies Society STUDI ROMANI**, de Bulgaria, dedicada ao estudo e promoción dos grupos minoritarios europeos, especialmente os xitanos; o **Vigdis Finnbogadóttir Institute of Foreign Languages** da Universidade de Islan-

dia, centro de estudos sobre a diversidade lingüística do mundo; a **Universidade de Łódź**, en Polonia, referente no estudo das minorías culturais; **CHE Consult GmbH**, consultora alemá especializada no traballo con institucións educativas e grupos científicos que buscan estratexias de traballo acordes cos novos retos do actual marco universitario; e a **Associação Cultural e Pedagóxica Pontenas...Ondas!**, entidade sen ánimo de lucro portuguesa asociada a un grupo de centros de ensino do sur de Galicia e o norte de Portugal para recuperar e pór en valor o patrimonio inmaterial común a ambos os territorios.

Actividade social

campUSCulturae pretende inspirar **compromiso coa minoría e defensa de diversidade**. Quere ser un **punto de encontro entre os nenos e mozos e quen, dunha forma ou outra, traballan por e para eles**. Pon a palabra, a literatura, ao seu servizo.

Aborda a creación, a cultura, a investigación, o coñecemento desde unha formulación propia do seu tempo, é dicir, usando todas as ferramentas tecnolóxicas que o presente pon ao seu alcance. É un **espazo integrador**, fomenta o traballo en rede, e reforza o espírito **européista**.

Publico obxectivo

campUSCulturae preséntase como unha plataforma de participación aberta e interxeracional. Ten pois, unha vocación integradora. O seu obxectivo é crecer mediante a participación do maior número de actores posible, que enriquezan o proxecto e achegar diversidade, así como a confluencia de públicos de distintas idades coas culturas, literaturas e artes postas ao servizo do coñecemento, a creatividade e, en consecuencia, do entendemento mutuo. Busca os seus aliados entre os seguintes segmentos:

- a **comunidade científica** especializada na literatura infantil e xuvenil, así como no estudo das minorías lingüísticas e culturais

- a **comunidade cultural**, entendida como a integrada por todos os profesionais relacionados coa creación, edición e difusión do libro infantil e xuvenil e da lectura

- a **comunidade escolar**, nenos, adolescentes, educadores e familias.

campUSCulturae artículase ao redor de cinco centros de traballo entre os cales se distribúen as actividades do proxecto.

- **Biblioteca Internacional campUSCulturae:** biblioteca especializada en literatura infantil e literatura científica relacionada coa creación literaria e artística para nenos e novos; centro de documentación sobre literatura infantil e diversidade cultural; portal trilingüe en castelán, galego e inglés; sala de investigación e servizo de asesoramento lector.
- **Museo internacional da Ilustración:** colección permanente de obra de ilustradores de todo o mundo; exposicións temporais e itinerantes; talleres formativos especializados; museo virtual e espazo de experimentación interactiva coa arte.
- **Centro da Interculturalidade:** BIT, banco de ideas e tempo; IRE.net, intercambio de recursos en rede entre diversas comunidades culturais; ADAN, plan para asociar a diferenza á normalidade.
- **Centro Internacional da Creatividade:** laboratorio de auto-edición de libros únicos e de artista; espazo de creación músico-literaria; plataforma de experimentación entre linguaxe infantil e arte contemporánea; escaparate das culturas do mundo; laboratorio de experimentación das artes escénicas e a palabra; a Praza das Palabras do Mundo.
- **campUSCulturae RTV:** canle de radio e televisión especializada en diversidade lingüística e cultural.

campusculturae.usc.es
www.facebook.com/campusculturae
www.facebook.com/sonutopias
@campUSCulturae

